



INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE ACCESO

ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

ACCESO AO 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1.- Para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música.

2.- A Consellería de Educación e Ordenación universitaria regulará o procedemento de accesos ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos seguintes puntos.

3.- Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opta, de tres obras de distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superala.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superala.

4.- Para a especialidade de canto, a proba consistirá en:

a) Interpretación de tres obras de distintos estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superala.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superala.

5.- A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

6. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

7. O tribunal de acceso ao primeiro curso estará constituído por tres profesores do centro e nel figurarán polo menos un profesor de linguaxe musical e outro da especialidade instrumental correspondente.

8. Os exercicios correspondentes á parte de linguaxe musical serán iguais para todos os candidatos e para todos os tribunais das distintas especialidades.

ACCESO AO 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- As prazas ofertadas publicaranse no centro a partires do mes de abril.
- Unha vez publicada a oferta de prazas os interesados deberán matricularse nas probas de acceso.
- As probas celebraranse a partires do día 8 de xuño.
- O desenvolvemento das probas está establecido no Decreto 203/2007 publicado no DOG do 31 de outubro de 2007 dispoñible para consulta/descarga na sección de DESCARGAS desta páxina web.
- Despois da celebración das probas publicaranse no taboleiro do centro as actas de cualificación das mesmas.
- Os aspirantes que acaden praza no centro deberán formalizar a súa matrícula no mesmo dentro do prazo establecido.

Para información sobre datas concretas (publicación de oferta de prazas, matrícula nas probas, etc.) consultar o CALENDARIO DE ACTIVIDADES DO MES DE XUÑO.

ACCESO A OUTROS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL

1. Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
3. Esta proba constará de dous exercicios:
 - a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
 - b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
4. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
5. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.
6. Tendo en conta a distribución das materias correspondentes a cada especialidade instrumental nos diferentes cursos do grao profesional, recollida no anexo I do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, a composición dos distintos tribunais realizarase segundo se indica no anexo III da Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
7. Os exercicios correspondentes á parte teórico-práctica serán iguais para todos os candidatos e para todos os tribunais das distintas especialidades, sempre que se trate do mesmo curso.

8. Para a valoración do aspirante nas materias de coro, orquestra, banda ou conxunto, estableceuse os procedementos descritos no documento correspondente. En todo caso, non se lle exixirá ao examinando a presentación dun grupo orquestral ou vocal para a realización desta parte da proba.

ACCESO A 2º, 3º 4º, 5º e 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- Os interesados poderán inscribirse na Secretaría do centro ata o 15 de agosto.
- As prazas ofertadas publicaranse no centro durante o mes de setembro.
- Unha vez publicada a oferta de prazas os interesados deberán matricularse nas probas de acceso.
- As probas celebraranse na primeira quincena do mes de setembro.
- O desenvolvemento das probas está establecido na *Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música* publicada no DOG do 18 de agosto de 2008 dispoñible para consulta/descarga na sección de DESCARGAS desta páxina web.
- Despois da celebración das probas publicaranse no taboleiro do centro as actas de cualificación das mesmas.
- Os aspirantes que acaden praza no centro deberán formalizar a súa matrícula no mesmo dentro do prazo establecido.

Para información sobre datas concretas (publicación de vacantes, matrícula nas probas, etc.) consultar o CALENDARIO DE ACTIVIDADES DO MES DE SETEMBRO.
